

Que se pode facer na sala da biblioteca?

- Podemos ler, estudar ou buscar información básica nas enciclopedias para as nosas tarefas.
- Podemos acceder a internet para facer consultas académicas ou revisar o noso correo electrónico.
- Podemos escoitar música ou ver dvds de concertos e películas sobre músicas.
- Podemos ler libros e prensa musical.
- Podemos consultar dicionarios, enciclopedias e todo tipo de libros



PARA CALQUERA CONSULTA,
DÚBIDA OU SUXESTIÓN
PREGUNTA AO PERSOAL DA
BIBLIOTECA EN

biblioteca.conservatoriourense@gmail.com

CONSULTA TAMÉN O NOSO BLOG EN:

bibliotecaconservatoriourense.blogspot.com

Conservatorio Profesional de Música de Ourense

Rúa Pablo Iglesias s/n

32004 - Ourense

Tif. 988391047 - Fax. 988391971

www.conservatoriourense.org



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



A biblioteca do CMUS



➤ A túa biblioteca!



Todo un mundo por descubrir...

Achégate ao 3º andar e verás...

A biblioteca

É un espazo situado no terceiro andar para o uso da comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente e pais).

O seu obxectivo é o de ofrecer materiais musicais variados para mellorar a aprendizaxe e incentivar a inquietude cultural.



A sala contén case cinco mil volumes, que inclúen libros, partituras, prensa e todo tipo de soportes audiovisuais.



A biblioteca ofrece un horario compatible coa dispoñibilidade do profesorado do centro en período lectivo.

Pódese realizar a consulta en sala (con trinta e dous postos de lectura), ademais de dispor dun servizo de préstamo a domicilio para alumnado e profesorado do centro. Dispón igualmente de catro ordenadores en sala con acceso a internet e un servizo de información e referencia.

Se tes algunha suxestión non esquezas deixala no noso buzón!

Como podo facerme socio?

Só te tes que achegar á biblioteca, cubrir un impreso, deixar a túa fotografía e amosar o teu DNI (se es menor de 14 anos e non o tes presenta o dalgún dos teus pais ou titores). Terás en breve o teu carné para poder dispor do servizo de préstamo a domicilio no período lectivo do curso académico no que te matricules.

Que me ofrece a biblioteca?

A biblioteca presta servizos gratuitos de lectura e consulta, préstamos de partituras e libros e préstamos de discos; así como un servizo de información e referencia.

Poderás levar tres materiais para a casa durante 15 días (libros) ou 7 días (discos e partituras).

Non se prestan para a casa as obras de referencia, revistas e publicacións periódicas e materiais especiais de difícil localización.

Se non devolves a tempo os materiais, as sancións consistirán na suspensión do servizo de préstamos durante un prazo igual á demora.



Onde podo consultar os fondos?

Na páxina web:

www.opacmeiga.rbgalicia.org; ou no link que aparece na páxina do Conservatorio Profesional de Música de Ourense na sección "Biblioteca". Tamén tes un link no noso blog:

www.bibliotecaconservatoriourense.blogspot.com



Cal é a miña responsabilidade como usuario?

- Conservar e usar correctamente os materiais de consulta
- Non escribir nin anotar nada sobre os materiais
- Preservar a boa conservación dos materiais en préstamo
- Manter as normas de comportamento axeitadas a un espazo público de traballo